



6.2.- Conservación de acometidas y contadores.- Cada usuario abonará por este concepto el importe de 3,01 euros trimestrales.

6.3.- Tarifa mínima obligatoria.- Cada usuario abonará 14,23 euros trimestrales.

6.4.- Tarifas de consumo.- Se abonarán las cantidades que se indican por m/3 consumido según los tramos que se establecen:

Tarifa; concepto; euros

6.4.1; De más de 0 m/3 hasta 60 m/3.; 0,39

6.4.2; De más de 60 m/3 hasta 150 m/3; 0,57

6.4.3; De más de 150 m/3 hasta 240 m/3; 1,90

6.4.4; De más de 240 m/3 hasta 300 m/3; 2,86

6.4.5; De más de 300 m/3 hasta; 4,80

6.4.6; Consumos industriales; 0,49

6.5.- Gestión administrativa del corte del servicio.- Por cada vez que se tramite el corte del servicio, los usuarios abonarán 40,15 € por la correspondiente gestión administrativa.

6.6.- Verificación por contador ajeno a la concesionaria.- Cuando el usuario instale un contador no suministrado por la concesionaria abonará por la verificación de la instalación, 22,35 €.

6.7.- Sustitución de contador por verificación de funcionamiento.- Cuando proceda la verificación oficial del contador por interés del usuario, éste abonará 22,35 € por la sustitución.

Las mediciones de consumo, se realizarán con periodicidad trimestral, si bien con carácter continuado para las distintas zonas de la ciudad, de modo que se respeten los períodos de 3 meses en las lecturas de cada usuario, y de no resultar posible técnicamente, se permitirán oscilaciones máximas de cinco días, por exceso o por defecto, respecto al período trimestral.

Disposición final

La presente modificación de ordenanza fiscal, entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

Coles, 13 de marzo de 2018. El alcalde.

Fdo.: Manuel Rodríguez Vázquez.

R. 853

## A Peroxa

### Anuncio

Mediante acuerdo da Xunta de Goberno Local con data 19.02.2018, adjudicouse o contrato de arrendamento do ben inmóbel "Local D", parte de baixo non dedicado a actividades deportivas polideportivo A Peroxa; publícase a súa formalización para os efectos do artigo 154 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

1. Entidade adjudicadora:

a) Organismo: Concello da Peroxa.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Número de expediente: 10/2017.

d) Enderezo de internet do perfil do contratante:

www.aperoxa.es

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: arrendamento -"Local D"- baixos Polideportivo A Peroxa.

b) Descrición: arrendamento do ben inmóbel "Local D", parte de baixo non dedicado a actividades deportivas Polideportivo A Peroxa.

c) Medio de publicación do anuncio de licitación: BOP e Perfil do contratante.

h) Data de publicación do anuncio de licitación: 19.01.2018

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Valor do contrato: 1470,00 euros.

5. Formalización do contrato:

a) Data de adxudicación: 19.02.2018.

b) Data de formalización do contrato: 22.02.2018 .

c) Contratista: Jorge Asensi Penades.

d) Importe de adxudicación: 1470,00 euros (máis IVE) anual.

A Peroxa, 23 de febreiro de 2018. O alcalde.

Asdo.: Manuel Seoane Rodríguez.

### Anuncio

Mediante acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 19.02.2018, fue adjudicado el contrato de arrendamiento del bien inmueble "Local D", parte de bajo no dedicado a actividades deportivas Polideportivo A Peroxa; se publica su formalización a los efectos del artículo 154 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre.

1. Entidad adjudicadora:

a) Organismo: Ayuntamiento A Peroxa.

b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.

c) Número de expediente: 10/2017.

d) Dirección de la internet del perfil del contratante:

www.aperoxa.es

2. Objeto del contrato:

a) Tipo: Arrendamiento - "Local D" - bajos Polideportivo A Peroxa.

b) Descripción: arrendamiento del bien inmueble "Local D", parte de bajo no dedicado a actividades deportivas Polideportivo A Peroxa.

c) Medio de publicación del anuncio de licitación: BOP y Perfil del contratante.

h) Fecha de publicación del anuncio de licitación: 19.01.2018

3. Tramitación y procedimiento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedimiento: abierto.

4. Valor del contrato: 1470,00 euros.

5. Formalización del contrato:

a) Fecha de adjudicación: 19.02.2018.

b) Fecha de formalización del contrato: 20.08.2012.

c) Contratista: Jorge Asensi Penades.

d) Importe de adjudicación: 1470,00 euros (máis IVA) anual.

1778,70 euros.

A Peroxa, 23 de febreiro de 2018. El alcalde.

Fdo.: Manuel Seoane Rodríguez.

R. 691

## A Pobra de Trives

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía n.º 36/2018, con data 06/03/2018, aprobáronse as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de traballo para cubrir un posto de traballo de limpador/ra, en réxime de contratación laboral temporal.

As bases están ao dispor dos/das aspirantes no Concello da Pobra de Trives, no taboleiro edictal e na páxina web: www.apobradetrives.es

Contra estas bases, pódese interpor alternativamente ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio, ante o alcal-



de deste concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en Ourense, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso é sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

De calquera maneira o concello iniciará o proceso selectivo en base á executividade das resolucións adoptadas e dada a necesidade de cubrir o posto referenciado.

Támén se poderá obter o modelo de solicitude nos mesmos medios que constan nas bases.

A Pobra de Trives, 12 de marzo de 2018. O alcalde.

Asdo.: Domingo Diéguez González.

Expediente n.º: 1/2018/Persoal

Bases xerais da convocatoria

Procedemento: constitución de bolsa de traballo para persoal laboral temporal (limpeza), mediante concurso

Primeira. Obxecto da convocatoria

É obxecto destas bases a creación dunha bolsa de traballo para a contratación en réxime laboral temporal de un/ha traballador/a para os servizos de limpeza das distintas dependencias municipais ou que corresponda ao concello esta prestación.

Segunda. Modalidade do contrato

A modalidade do contrato é laboral temporal.

O carácter do contrato é temporal e en réxime de dedicación a tempo completo.

Duración: 31/12/2018.

Período de proba: un mes.

A xornada de traballo será de 37,5 horas semanais, distribuídas segundo as necesidades do servizo, cos descansos legalmente establecidos.

Fíxase unha retribución mensual de 918,09 €.

As retribucións aboaranse en 14 pagas, segundo as normas vixentes no concello.

Terceira. Condicións de admisión de aspirantes

De conformidade co artigo 56 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro e 50 da Lei 2/2015, da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou dou-

tros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión do Graduado Escolar/Secundaria obrigatoria, certificado de escolaridade, ou estudos primarios.

c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Cuarta. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nestas bases xerais para a praza de limpador/a, dirixiranse ao alcalde-presidente do concello e presentaranse no Rexistro Xeneral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios do concello, así como na súa páxina web.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Fotocopia do NIF ou, no seu caso, pasaporte.

- Curriculum vitae do/a aspirante.

- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso.

- Certificado médico acreditativo de posuír as aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño do posto.

• Coñecemento da lingua galega ou certificados.

Quinta. Admisión de aspirantes

Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e páxina web do concello, sinalarase un prazo de 5 días naturais para emenda.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na



páxina web. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar de constitución do tribunal deste para efectuar a valoración do concurso en base á documentación achegada polos/as aspirantes.

#### Sexta. Tribunal cualificador

Os Tribunais cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente/a.
- Secretario: o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue.
- Catro vogais que se determinen na convocatoria.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva, de ser o posible.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política.
- b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.
- c) O persoal eventual.
- d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### Sétima. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

A selección efectuarase mediante o procedemento de concurso.

##### Concurso:

##### Méritos computables:

- a) Formación:
  - Por posuír titulación superior á esixida, 0,20 puntos. Só se puntuará a máis alta.
- b) Experiencia:
  - 0,10 puntos por cada mes traballado en sector privado ou público, indistintamente, e en calquera caso, primará como elemento de valoración o tempo que figure na vida laboral nos grupos 9/10 de cotización.

Para o cálculo dos servizos utilizarase a vida laboral que conste no documento expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade social.

##### Oitava. Cualificación

A puntuación obtida polos/as candidatos/as na fase de concurso será a definitiva, ordenándose pola súa orde aos/as aspirantes.

##### Novena. Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Unha vez concluídas as probas e unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará a relación de aspirantes por orde de puntuación no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal. A dita relación elevarase xunto coa acta da última sesión, ao alcalde-presidente da Corporación.

Os/as aspirantes que sexan chamados/as para ser contratados deberán de presentarse no concello, dentro do prazo de tres días naturais dende que sexan notificados para a súa incorporación, formalizándose o correspondente contrato, previa xustificación de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

#### Décima. Funcionamento da bolsa de traballo

Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo para cubrir os postos de traballo de limpadores/as, en réxime de persoal laboral, así como as vacantes que vaian xurdindo, ordenadas segundo a puntuación obtida.

O/a aspirante que resulte contratado/a por un prazo de un ano, pasará ao último lugar da bolsa de emprego en sucesivos chamamentos.

O/a integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo noutro centro público ou privado causará baixa na bolsa.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase automático do/a aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, agás que concorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de traballo terá unha vixencia indefinida ata que sexa substituída por outra de nova creación.

#### Undécima. Incidencias

Estas bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O chamamento, mediante chamada telefónica, e-mail ou calquera outro medio electrónico, realizarase seguindo a orde de puntuación que sexa obtida polos/as aspirantes. Unha vez notificado/a o/a mesmo/a, o prazo para que se presente será de dous (2) días como máximo.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos/las interesados/as recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en Ourense a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

#### Undécima. Vixencia destas bases

Estas bases rematan a súa vixencia o 31 de decembro de dous mil dezaioito.

Se nese momento, non se tivesen elaborado novas bases e efectuada a correspondente bolsa de emprego para o exercicio seguinte, poderán prorrogarse pola Alcaldía na súa vixencia ao igual que a bolsa onde consten os/as aspirantes seleccionados/as por outro ano máis, como máximo.

A Pobra de Trives, 6 de marzo de 2018.

Dilixencia: estas bases foron aprobadas polo alcalde-presidente, mediante Decreto 36/ 2018 de seis de marzo de dous mil dezaioito.

A Pobra de Trives, 6 de marzo de 2018. A secretaria.

Asdo.: M.ª Milagros Calvo Carballo.



## MODELO DE INSTANCIA

| PARA ENCHER POLA ADMINISTRACIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |           |                                                                                                   |                    |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| N.º expediente                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           | N.º rexistro                                                                                      |                    |
| Modelo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |           | Data                                                                                              |                    |
| <b>DATOS DO SOLICITANTE</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |           |                                                                                                   |                    |
| Nome e apelidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |           | NIF                                                                                               |                    |
| Enderezo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |           |                                                                                                   |                    |
| Código postal                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | Municipio | Provincia                                                                                         |                    |
| Teléfono                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Móbil     | Fax                                                                                               | Correo electrónico |
| Denominación do posto                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |           |                                                                                                   |                    |
| <b>DATOS DA NOTIFICACIÓN</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |           |                                                                                                   |                    |
| PERSONA A NOTIFICAR                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |           | MEDIO DE NOTIFICACIÓN                                                                             |                    |
| <input type="checkbox"/> Solicitante<br><input type="checkbox"/> Representante                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           | <input type="checkbox"/> Notificación electrónica<br><input type="checkbox"/> Notificación postal |                    |
| <b>OBJECTO DA SOLICITUDE</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |           |                                                                                                   |                    |
| <p>PRIMEIRO. Que vista a convocatoria anunciada no Boletín Oficial da Provincia de _____, de data _____, en relación no proceso de selección para constituír a bolsa de traballo para cubrir o/os posto/s de traballo de _____ en réxime de persoal laboral.</p> <p>SEGUNDO. Que cre reunir todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.</p> <p>TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas ás probas de selección para constituír a bolsa de traballo para _____.</p> <p>Por todo o cal, SOLICITO Que se admita esta solicitude para as probas para o proceso de selección para a constitución dunha bolsa de traballo para persoal laboral e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.</p> |           |                                                                                                   |                    |

# ANUNCIO BASES TRIVES BOLSA EMPREGO LIMPADOR/A



## DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

### DATA E SINATURA

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

O solicitante,

Asdo.: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE DO CONCELLO DA POBRA DE TRIVES

### AVISO LEGAL

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, esta Administración infórma que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos ten como fin o exercicio por parte desta Administración das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas á comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como de solicitar, se é o caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita este concello: Paseo S. Roque, 4, 1º, 32780 A Pobra de Trives-Ourense.